

- Semella que Aurelio Aguirre volve ser recoñecido grazas aos fastos da celebración do 150 aniversario dos *Cantares Gallegos* de Rosalía. A que se debeu que esteamos a falar dun poeta que, ata o de agora, levou a calificación de *esquecido*? Por que ou a quen podemos "culpar" deste esquecemento?

-Entre os fastos do sesquicentenario do libro fundacional da literatura galega e a recuperación da obra de Aurelio Aguirre, non hai máis relación que a casualidade. Todo comeza cando Henrique Alvarellos le nun blog, entre os millares que existen na Rede, a noticia sobre un libro de poemas manuscritos de Aguirre que levaba nunha biblioteca vinte e catro anos á disposición de calquera interesado, e decide incorporalo á "Colección Rescate". O esquecemento débese á perenza de Aurelio Aguirre a un momento cultural galego, previo ao Rexurdimento, que se atopa insuficientemente estudado, aínda que hoxe aumenta o número de investigadores cada vez máis interesados nisto. Tamén inflúe a lenda que envolve a figura de Aguirre, afastándoa da realidade histórica.

-Por que motivo, cando se fala do Banquete de Conxo, se repara tanto en Pondal e, pola contra, téndese a ignorar a Aguirre, que tivo tanto ou máis protagonismo que o Bardo?

-Porque Pondal acabou por ser un dos grandes protagonistas do Rexurdimento, entrando a formar parte do seu Parnaso, canda Rosalía e Curros. As poéticas de Pondal e Aguirre eran, no tocante á poesía política, semellantes. Aguirre morre en 1858, e o terceiro poeta do Brindis, Luis Rodríguez Seoane, apártase -ou é apartado- da escena. Este último fundou o xornal *El País* (Pontevedra) e dedicou despois os seus esforzos á medicina e máis á política como deputado e senador dun liberalismo moderado. A súa obra en castelán e en galego está aínda por estudar.

-Cre que o feito de non ter escrito nunca en galego pasoulle factura?

-Se se refire Vde. a que Aguirre non ten un lugar na historia da literatura galega, está claro que non, malia o intento, algo forzado e sen consecuencias, de Xosé María Álvarez Blázquez, de presentalo como poeta galego en potencia. Aguirre non tivo tempo de escribir en galego, pois morreu cando estaba empezando a súa carreira profesional como escritor. Os historiadores da literatura galega comezan agora decatarse de que é imprescindible romper o corsé do criterio filolóxico (que consiste en atender só á escrita en galego), para dar a coñecer as claves do desenvolvemento literario en Galicia. Se conviviron no noso país dous sistemas literarios, o normal é que se interferisen, e máis en momentos como nos ocupan, onde conviviron figuras como Pondal, Aguirre, Murguía, Rosalía, Vicetto, Juan Compañel, os irmáns De la Iglesia, etc.

-Isto é xogar un pouco a facer ficción histórica, pero, se tivese vivido máis tempo, Aguirre remataría por ser un poeta que escribise só en galego?

-Probablemente, pois era daquela unha das posibilidades que ofrecía o sistema cultural de noso. Esta posibilidade faríase realidade ao longo da segunda metade de século. Na medida en que o galego era o idioma das clases desfavorecidas, coas que Aurelio Aguirre empatizaba fortemente, de certo que remataría componendo en galego.

-Tiña Aguirre algunha sona loíra de Galicia, no resto de España?

-Era coñecido en Madrid -onde debía por lograr un posto como escritor en

xornais, ao xeito do seu amigo Manuel Murguía-, e a súa figura e obra poética difundíase na prensa liberal e democrata: *La Discusión*, *El Aragonés*, etc. Na vida cultural española era considerado como un poeta que comezaba a súa carreira.

-A calidade poética da obra de Aurelio Aguirre ten algo que envexar á dos mellores poetas románticos españois da súa época? Con cal outro poeta do seu tempo o compararía?

-Daquela eran centenaes os poetas que escribían nos xornais e publicaban libros, cunha calidade que deixaba moito que desexar. Poucos chamaban a atención, e xa están na última etapa: José Zorrilla, o galego Nicomedes Pastor Díaz e a cubana Gertrudis Gómez de Avellaneda... Logo chegarían as publicacións de Bécquer e Rosalía de Castro para cambiar este panorama. Na prensa galega salientan os poemas de Aguirre en temas,

estilo e potencia poética, escurecendo a poesía dos seus coetáneos. Pensemos que se trataba dun poeta que morre aos 25 anos, aínda sen madurar a súa obra, pero que ten acadado un mérito apreciable en moitas composicións.

-Cal foi, ao seu xuízo, a verdadeira dimensión das relacións entre Aurelio Aguirre e Rosalía de Castro?

-A figura de Aguirre está moi contaminada pola ficción. Non me gusta aparecer como desfacedora de mitos, pero entre eles dous existía unha relación de mero coñecemento a través do Liceo de San Agustín, e de parentes e amigos comúns, ata que o casamento de Rosalía con Murguía os achega a unha relación de amizade e mutua admiración que durou un ano apenas.

-Tras da época de amizade, é certo que Aurelio e Murguía se converteron, como sosteñen algúns, en inimigos irreconciliables tanto no plano persoal como ideolóxico?

-De ningunha maneira. Morreu Aguirre sendo amigo de Murguía, co que confraternizara a través da amizade de mocío con Nicolás Murguía, irmán de Manuel. É nos anos posteriores á morte de Aguirre cando Murguía constrúe o rexionalismo galego como unha derivación da opción política e ideolóxica que compartiron os dous amigos en vida. Eran liberais e democratas, e víronse inmersos na corrente imperante de unidade da patria española como resultado da conciliación entre nacións, nada nas Cortes de Cádiz. Esa corrente resultou ser un fiasco para Murguía, que se desviou dela. Aguirre expresa algunha compoñente ideolóxica que podería coincidir co nacionalismo galego posterior, pero é moi tenue, e relaciónase coa revolta de Faraldo, da que os rexionalistas farían o emblema da súa loita.


-Vde. afirma que o do suicidio de Aguirre é falso, pero outros autores sosteñen a tese contraria. En que se basea para afirmar que a morte de Aurelio foi froito dun accidente o non da vontade de acabar coa súa vida?

-En que se basean eles? Non hai, polo de agora, ningunha proba documental que valide a tese do suicidio. A prensa da época, as cartas, etc., mencionan unha conxestión cerebral, ou un choque contra os penedos, como causa da morte. As circunstancias vitais e literarias de Aguirre eran óptimas cando afoga inesperadamente. O que primeiro nace como un ruxe-ruxe, remata como lenda literaria case que cincuenta anos despois, respondendo a certas necesidades do imaxinario popular: o poeta romántico que menciona tantas veces o mar, e acaba suicidándose nel. Divulgadores da lenda houbo moitos, pero foi definitivo un artigo de Emilia Pardo Bazán de 1901 dedicado a Larra e Aguirre.

-Cara a onde apuntaba a súa ideoloxía? Cara ao nacionalismo, na liña dos rexionalistas da época, ou cara ao socialismo, na liña dos socialistas utópicos?

-Aguirre era un democrata, opción política do que poderíamos considerar a esquerda daquel momento. Era un herdeiro da Revolución Francesa, que cría na dereitos igualitarios dos seres humanos, na fraternidade exercida a través das xuntanzas masónicas, e a loita contra o escurantismo carlistón e clericalo. A súa idea de Deus ten que ver, si, cos cristiáns socialistas como H.-F. de Lammenais, e as ideas socialistas de Fourier, que denunciaban a miseria da vida urbana preindustrial. Iso oode verse, por exemplo, nun poema como "A una pescadora".

Olivia González, profesora da Universidade da Coruña. FOTO: CARLOS PARDELLAS



Olivia Rodríguez González - FILÓLOGA E ENSAÍSTA

"Foi a Pardo Bazán quen alimentou a lenda suicida de Aurelio Aguirre"

Olivia González Rodríguez é a autora da edición crítica (*Alvarellos*) de *Recuerdos* de Agosto. Obra poética de Aurelio Aguirre (1850-1858). Trátase dun volume que reúne 133 poemas, máis de 80 inéditos, entre os cales, o recitado no Banquete de Conxo. O libro tamén inclúe un ensaio de Xurxo Martínez Torres sobre a relación do poeta con Vigo.

LOURDES VARELA